

MEMORIA DO PROXECTO



NOME DO PROXECTO: **MAIORES CON CLASE**

CENTRO EDUCATIVO: CEIP PAZOS DE REIS

1.- INTRODUCCIÓN:

O centro educativo sitúase nun entorno privilexiado, rodeado de espazos que favorecen a aprendizaxe, a convivencia e a conexión coa comunidade.

Este ambiente ofrece a oportunidade de conectar o coñecemento teórico coa realidade cotiá, creando experiencias de aprendizaxe significativas que transcenden a aula. As motivacións para levar a cabo un proxecto COMO MAIORES CON CLASE nacen da necesidade de preparar ao alumnado para os retos do futuro sen perder a esencia e o peso do valor do rural e do patrimonio próximo.

Este tipo de proxectos como o que presentamos buscan potenciar habilidades como o traballo en equipo, a resolución de problemas, o pensamento crítico e a empatía, competencias imprescindibles na sociedade actual. Así mesmo, búscase despertar o interese e a paixón pola exploración e a aprendizaxe, proporcionando ferramentas que lles permitan ser axentes de cambio no seu contorno. Ademais, levar a cabo proxectos que trasladan a aprendizaxe fóra das aulas ao medio natural non só axuda a conectar o noso alumnado coa natureza senón que permite que o centro siga evolucionando como un espazo dinámico e adaptado ás necesidades da súa comunidade educativa.

2.- O PROXECTO:

Presentamos o proxecto MAIORES con CLASE un proxecto que Trátade poñer en valor o noso patrimonio.no que o alumnado de Pazos de Reis (TUI) saca todo o proveito dos mellores "influencers" que temos o noso alcance... os avós e as avoas.... (que faríamos sen elxs...) en conexión co valioso medio que nos rodea.

Asi que os/as Avós son transmisores reais e significativos do rural e o propio patrominio combinando a Tradición, O respeto polos maiores ,O coidado e coñecemento da contorna E todo elo ensalzando unha combinación perfecta entre comunidade e escola.

Esta plásmase capítulo a capítulo neste proxecto tan fermoso que levamos a cabo, finalizando a primeira tempada desgranada en 4 capítulos.

De maneira que non só se trata de levar a cabo as experiencias, senón de contalas de forma que audiovisualmente sexa ameno e construan unha narrativa que envolve todo o proxecto.

MAIORES con CLASE integra ademáis un caracter vertical a nivel centro.

Para elo tamén participa o alumnado de primaria, tomando parte activa na gravación de voces dos capítulos, e conectando proxectos de radio escolar, Plambe, biblioteca de centro... Ademáis foron os responsables de elaborar o LOGO do proxecto.

De maneira que presentamos un proxecto GLOBAL tipo serie, na que o rural se plantexa a través de diferentes saídas para coñecer e conexiónase coa contorna e disfrutar do rural.

Como resumen rápido, presentamos un proxecto que se desgrana nos seguintes capítulos

Capítulo 1: Valor da tradición a vendimia. Recolectamos / pisamos uvas, e coñecemos as labores tradicionais para facer viño..	Capítulo 2: Valor do patrimonio os lavadeiros. Visitamos e asistimos a coñecer a importancia dos lavadeiros de roupa no río, e do seu papel en contraste coa realidade actual. Moitos deles protexidos en Tui.	Capítulo 3: Importancia e coidado do medio e dos animais. Achegándonos a coñecer como se crían, manteñen e viven as familias que todavía manteñen no rural animais	Capítulo 4: A figura dos avós/as e o contraste da vida de hoxe e a pretecnolóxica, visitando a casa cortello e vivenciando os contrastes entre a vida de hoxe e a vida rural tradicional



Maiores con Clase

FOTOGRAFÍAS DO PROXECTO:



3.- METODOLOGÍA

Durante a saída pedagóxica aplicouse unha metodoloxía activa e participativa centrada na aprendizaxe vivencial. Esta metodoloxía centrouse en conectar os contidos que tiñamos traballados na aula (como por exemplo os lavadoiros a través de fotografías ou búsquedas utilizando a biblioteca de centro ou as PDIs) previamente estudados con experiencias prácticas no contorno real, promovendo a observación, a investigación e a exploración libre.

As actuacións levadas a cabo foron pois:

Actividades colaborativas: Que primeiro se fixo a nivel individual cadaquén nas súas aulas, e posteriormente a modo de simposio na posta en común con todo o ciclo.

Gravación e análise: O coordinador do proxecto e as mestras implicadas tomaron fotografías e ecolleron datos para a súa posterior montaxe no capítulo final que se proxectou a nivel ciclo.

Reflexión final: Destinouse un espazo para compartir aprendizaxes, discutir descubrimentos e relacionar o observado cos contidos nas reunións de ciclo.

4.- EQUIPA COODINADORA E ALUMNADO PARTICIPANTE:

DIEGO RICÓN HERBELLO —> (COORDINADOR DE CICLO DE ED. INFANTIL)/
(COORDINADOR TICS DO CENTRO)

ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL , E ADEMÁIS “MAIORES con CLASE” integra un carácter vertical a nivel centro, no seu desenrolo.

Xa que o alumnado de primaria, participa activamente na gravación de voces do capítulo, conectando proxectos de radio escolar, Plambe, bibioteca de centro... Ademáis foron os responsables de elaborar o LOGO do proxecto.

5.- RECURSOS:



Para a gravación de tódolos capítulos empregouse un Iphone 14

Para a montaxe e maquetación dos mesmos empregouse un MacBook Pro coa
Aplicación: Imovie.

6.- OBSERVACIÓNS E /OU VALORACIÓNS:

Só dar a grazas en nome de todo o centro e do alumnado de pazos de reis por dar visibilidade a un proxecto tan fermoso como é o que presentamos. Pase o que pase sentímonos Gañadores despois do vivido.